

ADALBERT STIFTER

O solteirón

Traducido por Rosa Marta Gómez Pato



Hugin e Munin

CONTRAPUNTO

Por un eido de impresionante beleza e coruscante verdor subían varios mozos no fervor da mocidade e incipiente vida; ían camiño da montaña, entre as árbores e o canto dos reiseñores. Ao seu redor, despregábase unha paisaxe luminosa e refulgente. A sombra das nubes voáballe por riba da cabeza, e abaixo, no val, asomaban as torres e as casas dunha gran cidade.

Un deles pronunciou as seguintes palabras:

—Teño a absoluta certeza de que nunca casarei.

O que así se expresara era un mozo lanzal, de ollar doce e lánquido. Os demais apenas lle prestaron atención; algúns riron e outros xogaron a lanzar gallas, e seguiron camiñando.

—Así a todo, quen vai querer casar para quedar preso nos ridículos lazos dunha muller, para ser coma un paxaro sentado no balancín dunha gaiola? —interveu un deles algo máis tarde.

—Xaora que si, panoco! Pero que me dis de bailar, de estar namorado, de sentir vergoña, de arroibar...? —falou un terceiro, e de novo se escoitaron risas.

—De calquera maneira, a ti ninguén te levaría.

—Pois a ti tampouco.

—E que me importa!

As seguintes palabras foron inintelixibles. Aínda se oirían algúns berros alegres por entre os troncos das árbores, e logo máis nada. Os mozos continuaron subindo pola reboronda pendente que se afastaba do lugar, movendo ao seu paso os arbustos. Camiñaban animados baixo o brillo do sol. Na contorna, as pólas verdeaban con esplendor, e nas súas meixelas e nos seus ollos faiscaba a inquebrantable confianza no mundo. Por todas as partes se espallaba a primavera, tan inexperta e confiada coma eles.

O mozo de cuxa boca saíra a resolución de non casar non volvera falar, e o asunto pareceu esquecerse.

As linguas bulideiras fixeron danzar novas e alegres conversas. Falaron de todo, e a miúdo todos a un tempo. Os temas ían do máis sublime ao máis profundo, pero axiña os esgotaron. Despois pasaron á política. Propuñan a liberdade infinita no Estado, a xustiza máis absoluta e unha tolerancia ilimitada. Quen se opuxese a isto, acabaría abatido e derrotado. O inimigo do país sería esmagado, e na cabeza do heroe brillaría a gloria. Mentres leriaban dese modo sobre o que tiñan por materias de importancia, derredor sucedíanse outras vicisitudes que xulgaban insignificantes: os arbustos reverdecían aquí e alá, a terra ardente xermolaba e xogaba cos primeiros abrochos primaverais, coma se fosen xoias.

Comezaron a cantar, a perseguirse, a empurrarse cara ao barranco ou cara ao vedramio, a cortar varas e paus e a subir cada vez máis arriba na montaña, deixando atrás as casas da veciñanza.

